

DISPOSICIÓN FINAL

La presente ordenanza fiscal, aprobada por el Pleno de la Corporación, entra en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, y comenzará a aplicarse a partir del 1 de enero de 2010, permaneciendo en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Pontecesures, 26 de diciembre de 2009.—La alcaldesa, María Isabel Castro Barreiro. **2009014182**

* * *

MEIS**A N U N C I O**

Transcurrido o prazo de exposición pública e ó non terse presentado ningunha reclamación, considerárase aprobada definitivamente a Ordenanza reguladora da prevención e defensa contra os incendios forestais no termo municipal de Meis, de acordo co art. 49 da Lei de Bases do Réxime Local. Conforme ó establecido no artigo 70.2 do citado texto legal faise público o texto íntegro do mesmo:

ORDENANZA REGULADORA DA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS NO TERMO MUNICIPAL DE MEIS

ARTIGO 1.—OBXECTO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

O obxecto da presente ordenanza de protección dos montes do concello de Meis contra os incendios forestais, resulta ser a divulgación das medidas preventivas de natureza obrigatoria, que os titulares de terreos forestais e as comunidades de montes existentes no ámbito municipal de Meis deben cumprir.

A competencia municipal para adoptar a presente ordenanza atópase regulada nos artigos 43 e 44.2 da Lei 43/2003 de montes, o artigo 24 da Lei 13/1989 do 10 de outubro de Montes Veciñais en man Común; así como no artigo 5 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; do artigo 25.2.c) da Lei 7/1987 de 2 de abril de Bases do Réxime Local, do artigo 50.3 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e, finalmente do artigo 64.2.d) en relación co 80.2.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

ARTIGO 2.—AMBITO DE APLICACIÓN.

A presente Ordenanza resulta de aplicación a calquera monte ou terreo forestal existente dentro

do termo municipal de Meis, independentemente da súa titularidad.

ARTIGO 3.—CONCEPTO DE MONTE.

Aos efectos da presente Ordenanza enténdese por monte ou terreo forestal a terra na que vexetan especies arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, ben espontaneamente ben debido ao repoboación forestal, sempre que as mesmas non sexan características do cultivo agrícola.

En todo caso, terán o carácter de monte ou terreo forestal aquelas porcións de terreo propiedade de calquera comunidade veciñal de montes en man común existentes no concello de Meis.

Terán a consideración de monte ou terreo forestal os Chans clasificados polo PXOM de Meis como chan rústico de protección forestal.

Ademais, terán consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos incluídos e descritos no artigo 5 da Lei 43/2003 do 21 de novembro de Montes, os definidos no artigo 2.1 da Lei 3/2007 do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Así mesmo quedan definidos como monte ou terreo forestal os montes veciñais en man común delimitados no artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

ARTIGO 4.—RESPONSABLES.

Resultan responsables fronte á presente Ordenanza as comunidades de montes veciñais en man común existentes no termo municipal de Meis; iso a teor do artigo 24 da Lei 13/1989 do 10 de outubro de montes veciñais en man común.

Resultan tamén obrigados pola presente Ordenanza calquera particular que resulte titular de terreos que se atopen situados dentro do ámbito definido no artigo 3 da presente Ordenanza.

Tamén obriga aos que, sen ser titulares dos montes do concello de Meis, transiten por eles, os utilicen ou se sirvan deles de calquera xeito.

ARTIGO 5.—OBRIGAS E PROHIBICIÓNS AOS USUARIOS DO MONTE E AOS TITULARES DE MONTES.

5.1.—OBRIGAS E PROHIBICIÓNS ÓS USUARIOS DO MONTE:

1ª.—Queda prohibido no monte acender lumes, fumar, manipular motoserras, grupos electrógenos ou calquera outra actividade susceptible de xerar incendios, durante o período comprendido entre os meses de maio e setembro ambos os dous incluídos.

Durante o resto do ano, en caso de que se precise utilizar algún aparato que puidese xerar un incendio deberá contarse coa autorización do concello, na que se fará constar as obrigas de prevención que se deberán adoptar para cada caso concreto.

A solicitude da autorización referida deberá expresar o tempo de utilización de tales aparatos, a zona precisa, o fin da utilización e deberá contar cun plano da zona, cos seus accesos e vías.

2º.—Queda prohibido no monte botar cabichas, vidros, cristais ou calquera outro elemento susceptible de xerar un incendio.

3ª.—Prohíbese botar calquera residuo ou desperdicio nos terreos forestais.

4ª.—Prohíbese aos cazadores utilizar cartuchos provistos de tacos de papel.

5ª.—Prohíbese a acampada de persoas e vehículos en calquera terreo forestal que se sitúe no concello de Meis, sen a autorización expresa do concello.

6ª.—Prohíbese o lanzamento de foguetes, bombas de palenque, globos ou artefactos de calquera clase que conteñan lume ou que poidan xerar un incendio, durante o período comprendido entre os meses de maio e setembro ambos os dous incluídos.

7ª.—Prohíbese o almacenamento, transporte ou utilización de materiais inflamables, combustibles ou explosivos no monte.

Cando se pretendan empregar explosivos para a apertura de estradas ou outros fins similares, deberá formularse unha solicitude previamente ao concello, quen deberá autorizar as devanditas actuacións, a solicitude deberá expresar o número de persoas que se encargarán dos posibles labores de extinción cun mínimo de cinco, ademais deberá expresarse os materiais cos que estas persoas contan para combater a posible propagación do lume, así como a localización das actuacións e a súa finalidade. A persoa ou entidade que solicite o permiso será a responsable en caso de que se produza un incendio.

5.2.—OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DOS TITULARES DE MONTES:

Dentro das obrigas que os titulares de terreos forestais deben cumprir atópanse as seguintes:

1ª.—Roza e roza de toda clase de maleza e estrato subarbusivo existente en todo o ámbito do monte, iso significa que as distancias entre as árbores existentes deberá atoparse expedita e absolutamente libre de calquera tipo de vexetación, residuo ou desperdicios.

2ª.—Apertura de devasas cun ancho mínimo de sete metros, debendo existir un cada quilómetro cadrado de monte ou fracción deste.

3ª.—Elaboración de planos precisos do monte nos que se grafien con claridade os camiños existentes e as devasas, así como as cisternas, pozos, depósitos de auga, fontes, ríos, regatos ou calquera corrente de auga, ditos planos haberán de ser levantados por persoal competente; así mesmo deberá entregarse unha a súa copia nas dependencias municipais nun prazo que non superará os seis

meses dende a entrada en vigor da presente Ordenanza.

4ª.—Os camiños, vías, trochas e devasas, así como as cunetas ou servidumes de camiños deberán en todo caso atopar libres de toda vexetación residuos ou desperdicios nunha franxa de cinco metros a ambos os dous lados contados dende as marxes dos camiños, vías, trochas, devasas, pistas e estradas.

Os camiños, devasas, vías, estradas ou pistas na distancia establecida de dous metros a ámbolos dous lados, medidos dende a súa aresta exterior, deberanse atopar plenamente limpas de arbustos e maleza; e as árbores que se atopan nesa distancia deberán permanecer podadas verticalmente, sen que as súas ramas poidan pender sobre o camiño.

Así mesmo, os camiños, vías e devasas deberán atoparse libres de calquera obstáculo que poidan impedir o paso e manobra dos vehículos.

5ª.—A existencia de vertedoiros incontrolados deberá ser comunicada ao concello, e deberase proceder á súa retirada e limpeza nun prazo máximo de 20 días naturais dende que o concello conmine a iso aos titulares das parcelas nas que se sitúen os devanditos vertedoiros.

6ª.—As comunidades de montes deberán dispoñer duns reténs de voluntarios que patrullarán o monte, en grupos nunca inferiores a sete persoas, debendo informar de calquera infracción que observen.

En caso de que ao concello non lle conste ningún informe no sentido expresado, e ao concello se produza un incendio, será responsable deste a comunidade de montes titular do monte no que se produci- ra o incendio.

7ª.—Os residuos forestais procedentes da limpeza do monte deberán ser retirados do perímetro do referido monte, xamais se poderán deixar sobre o terreo.

8ª.—As vivendas, instalacións ou explotacións de calquera clase que se atopan situadas no monte deberán contar con dispositivos mata faíscas nas súas chemineas, ademais deberán ter desbrozados os terreos da súa propiedade nos que se sitúen as vivendas, instalacións ou explotacións.

9ª.—Os repoboacións forestais, así como calquera plantación de árbores efectuada no monte, exclusivamente poderanse efectuar con especies autóctonas de Galicia, como Carballos, Castiñeiros, Teixos, Freixos, Sobreiras, Ameneiros, ou Salgueiros; prohibíndose expresamente o repoboación con calquera especie das dispostas na Disposición Adicional Terceira da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra vos incendios forestais de Galicia, que se atopan transcritas na Disposición Adicional Única desta Ordenanza.

Os repoboacións efectuados en terreos lindantes cos chans clasificados no PXOM de Meis como Rústicos de Protección Agropecuaria, deberán gardar, como mínimo, 10 metros de distancia respecto a os lindes destes.

**ARTIGO 6.—INFRACCIÓNS. TIPIFICACIÓN.
CLASIFICACIÓN E PRESCRICIÓN.**

Constitúen infraccións administrativas as accións ou omisións que contraveñan o disposto e a presente Ordenanza.

As infraccións dos preceptos contidos na presente Ordenanza clasificaranse en leves, graves e moi graves.

- Terán a consideración de Infraccións Moi Graves:

A vulneración dos apartados números 1, 2 e 6 do artigo 5.1.

A vulneración dos apartados números 1 e 9 do artigo 5.2.

- Terán a consideración de Infraccións Graves:
A vulneración do apartado número 7 do artigo 5.1.

A vulneración dos apartados números 3, 4, 6 e 7 do artigo 5.2.

- Terán a consideración de Infraccións Leves:

A vulneración dos apartados números 5 e 8 do artigo 5.2, e o incumprimento de calquera punto do artigo 5.1 non considerado como grave ou moi grave; así como calquera outro incumprimento da presente ordenanza non considerado como grave ou moi grave

**ARTIGO 7.—POTESTADE SANCIONADORA
E PROCEDIMENTO.**

O procedemento rexerese polo disposto no Título IX da Lei 30/1992 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como por o Real Decreto 1398/1993 do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora.

A potestade sancionadora corresponderalle, en calquera caso, á Alcaldía do concello de Meis.

O prazo para resolver os expedientes sancionadores será dun ano, que computará dende a recepción da notificación da incoación do expediente ata a notificación da súa resolución.

**ARTIGO 8.—SANCIÓN. CLASIFICACIÓN
E PRESCRICIÓN.**

As infraccións serán sancionadas de conformidade co seguinte baremo:

- Infraccións Leves: Multa de 1.000 a 3.000 euros.

- Infraccións Graves: Multa de 3.001 a 6.000 euros.

- Infraccións Moi Graves: Multa de 6.001 a 15.000 euros.

A prescrición das infraccións verificarase segundo o estipulado no RD 1398/1993.

A contía das sancións graduarase atendendo ás seguintes circunstancias:

- 1.—Natureza da infracción.
- 2.—Grao de intencionalidade.
- 3.—Beneficio obtido.
- 4.—Grao de perigo xerado para as persoas.
- 5.—Gravidade do dano causado.
- 6.—Reincidencia.
- 7.—Desatención aos requirimentos efectuados.

ARTIGO 9.—MULTAS COERCITIVAS.

Sen prexuízo das sancións que puidesen impoñerse, caberá a imposición de multas coercitivas aos infractores cando se verifique a comisión dunha infracción, que serán reiterables con carácter mensual, ata lograr o cumprimento da presente Ordenanza.

A contía das multas oscilará entre os 600 euros ata os 9.000 euros.

**ARTIGO 10.—PRINCIPIO DE REPARACIÓN
INTEGRAL DO DANO**

As sancións e multas determinadas na presente ordenanza non serán óbice para que o infractor deba adoptar todas as medidas necesarias para, de forma inmediata, reparar, restaurar ou substituír os recursos naturais e servizos de recursos naturais danados.

O incumprimento desta medida dará lugar á imposición de multas coercitivas reguladas no artigo 9 ata lograr a restauración do dano infrinxido.

DISPOSICIÓN FINAL: ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da provincia e transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 da lei 7/85, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación total ou parcial efectuada de forma expresa.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:

Quedan derogadas cantas Ordenanzas se opoñan en todo ou en parte ao contido da presente Ordenanza, así como os artigos doutras Ordenanzas que contradigan total ou parcialmente a presente Ordenanza.

Disposición adicional Única

Lista de árbores a plantación dos cales se atopa prohibida:

ESPECIE	NOME COMÚN
PINUS PINASTER	PIÑEIRO GALEGO, PIÑEIRO DO PAÍS
PINUS SYLVESTRIS	PIÑEIRO SILVESTRE
PINUS RADIATA	PIÑEIRO DE MONTERREY
PSEUDOTSUGA MENZIESII	PIÑEIRO DE OREGÓN
ACACIA DEALBATA	MIMOSA
ACACIA MELANOXYLUM	ACACIA NEGRA
EUCALYPTUS SPP	EUCALIPTO
CALLUNA VULGARIS	BRECINA
CHAMAESPARTIUM TRIDENTATUM	CARQUESA
CYTISUS SPP	XESTA
ERICA SPP	BREIXO
GENISTA SPP	XESTA, PIORNO
PTERIDIUM AQUILINUM	FENTO
RUBUS SPP	SILVEIRA
ULEX EUROPAEUS	TOJO

Contra o acordo que poña fin á vía administrativa e contra a disposición xeral aprobada definitivamente pode interpoñerse directamente, por quen se considere lexitimado, o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da disposición impugnada, consonte ó establecido nos artigos 10.1.5) e 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xuño reguladora da xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente conforme a Dereito, significándolle que o artigo 107.3 da lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

Meis, 14 de decembro de 2009.—O Alcalde, José Luis Pérez Estévez. **2009014190**

* * *

A CAÑIZA**A N U N C I O**

Por medio do presente faise público a aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar no Concello da Cañiza (Pontevedra), a cal foi aprobada polo Concello-Pleno na súa sesión de data 30.10.2009 e publicada aos efectos de reclamacións no BOP núm. 218 de data 11.11.2009 e no Ta-

boleiro de anuncios da corporación, sen que durante o prazo de trinta (30) días se presentase reclamación ningunha, polo que o acordo provisional elévese a definitivo.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa cabe a interposición de recurso contencioso administrativo ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (S.A.F) NO CONCELLO DE A CAÑIZA.

Artigo 1. Fundamento.

De conformidade co previsto nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar (en adiante, SAF).

Artigo 2. Concepto.

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha contraprestación pecuniaria que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do SAF e lles sexa concedida de acordo co previsto no regulamento do servizo.

Artigo 3. Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento de prezo público regulado nesta ordenanza quen se beneficie da prestación do SAF prestado polo Concello de A Cañiza. No caso de que as persoas anteriores carezan de capacidade de obrar, a obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal.

Artigo 4. Contía.

1.—Pola prestación deste servizo establécese un custo de 12 €/hora.

2.—Os criterios de participación no financiamento do custo do SAF por parte dos obrigados ao pagamento serán os seguintes:

Para usuarios/as da Modalidade “A” (persoas e/ou familias, que sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas previstas na ordenanza reguladora do servizo).

- As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda o 300% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo